



**CONSELLO XERAL
DO PODER XUDICIAL**

**ANÁLISE DAS SENTENCIAS DITADAS POLOS
TRIBUNAIS DO XURADO E POLAS AUDIENCIAS
PROVINCIAIS NO ANO 2007, RELATIVAS A
HOMICIDIOS E/OU ASASINATOS
CONSUMADOS ENTRE OS MEMBROS DA
PARELLA OU EX-PARELLA.**

***GRUPO DE EXPERTOS EN VIOLENCIA DOMÉSTICA DO CXPX
(XULLO-2009)***

ANÁLISE DAS SENTENCIAS DITADAS POLOS TRIBUNAIS DO XURADO E POLAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS NO ANO 2007, RELATIVAS A HOMICIDIOS E/OU ASASINATOS CONSUMADOS ENTRE OS MEMBROS DA PARELLA OU EX-PARELLA. CONCLUSIÓN.

Ao longo de 2008, presentamos dous estudos que analizaban as sentencias ditadas polos Tribunais do Xurado, en toda España, nos casos de homicidio e/ou asasinato entre membros da parella ou ex-parella. O primeiro ía referido ás sentencias ditadas entre 2001 e 2005. O segundo correspondía ás sentencias ditadas polos referidos Tribunais en 2006.

Respondían a unha iniciativa da Presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero para coñecer, dende unha perspectiva xurídica, médico-legal e sociolóxica, algunhas circunstancias concorrentes na manifestación máis brutal da violencia contra as mulleres: a que remata co resultado de morte e que sempre culmina unha situación precedente de violencia, máis ou menos soterrada ou, en ocasións, as menos, previamente exteriorizada. Queríase coñecer igualmente se, como se pensaba, os homicidios e/ou asasinatos no ámbito da parella ou ex-parella constituían, no fundamental, violencia de xénero, é dicir, se eran feitos criminais executados, na meirande parte, por homes contra mulleres.

Partiuse para isto da totalidade de sentencias ditadas polos Tribunais do Xurado e pretendíase coñecer con exactitude, máis alá de estereotipos que, por definición, acostuman resultar alleos á realidade, o conxunto de circunstancias que rodean a morte violenta neste ámbito específico.

As conclusións de ambos os dous estudos avalaron o seu carácter de violencia de xénero, no fundamental, e permitiron desactivar certos mitos instalados na sociedade, como eran os que sinalaban que as agresións mortais viñan condicionadas, maioritariamente, polo consumo de bebidas alcohólicas ou drogas ou pola alteración

mental. Todo isto, a teor dos feitos declarados probados, trala celebración do xuízo oral e a práctica da correspondente proba, rodeada de todas as garantías procesuais.

Ao longo do primeiro estudio evidenciouse a necesidade de darlle continuidade e acordouse que os estudos futuros se efectuasen anualmente, co obxecto de coñecer de primeira man un aspecto, certamente non menor, das manifestacións máis brutais desta violencia –as acreditadas en xuízo oral, celebrado con todas as garantías- e confirmar ao longo do tempo se se mantiñan ou, pola contra, evolucionaban as conclusións acadadas nos diferentes estudos que se fosen realizando.

No transcurso do segundo estudio, ademais, valorouse a necesidade de ampliar os seguintes que se fosen a realizar tamén ás sentencias ditadas polas Audiencias Provinciais en casos de homicidios e/ou asasinatos consumados no mesmo ámbito da parella ou ex-parella. Estes órganos eran os que acostumaban axuizar estes feitos cando se formulaba acusación conxuntamente con outros delitos conexos.

Para efectuar o presente estudio volveuse a contar coa colaboración de todas as Presidencias das Audiencias Provinciais, que procederon a remitir a totalidade das Sentencias ditadas polo Tribunal do Xurado e pola Audiencia Provincial nos seus territorios, no novo período seleccionado, respecto a homicidios e asasinatos por violencia de xénero e doméstica, centrada en actos cometidos entre os membros da parella ou ex-parella que fosen obxecto de axuizamento por uns ou outras.

O estudio foi realizado de novo polas maxistradas e maxistrados que integran na actualidade o Grupo de Expertos/as en Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, tras ser designados/as dous dos/as que o compuñan como Vocais do novo CXPX elixido en setembro de 2008 -D^a Pilar Alambra Pérez, D. Vicente Magro Servet, D^a M^a Jesús Millán de las Heras, D^a María Tardón Olmos, D^a Isabel Tena Franco e D^a Francisca Verdejo Torralba-, así como polos/as tamén maxistrados/as e letrados/as do Consello, D. Joaquín Delgado Martín, Xefe do Servizo Central, e D^a Paloma Marín López, Xefa da Sección do Observatorio do Consello, que tamén o coordinou. Volveuse a contar, ademais, coa participación de D. Miguel Lorente Acosta, na súa calidade de médico forense e recoñecido experto e estudoso da violencia de

xénero, que aportou a análise médico forense dos feitos e circunstancias que os acompañaron.

Pretendeuse neste estudio dar continuidade aos anteriores, mantendo os aspectos abordados naqueles. Especificamente neste, ademais, diferenciouse, en canto á análise médico forense dos feitos e circunstancias que acompañaron a realización destes feitos criminais, as correspondentes aos casos de violencia de xénero (actos executados polos homes contra as mulleres) das relativas aos casos de violencia doméstica (actos executados polas mulleres contra os homes que eran as súas parellas ou ex-parellas). Isto debeuse a que nas sentencias ditadas en 2007, sen prexuízo de que a maior parte se encadran no primeiro suposto, hai unha maior presenza dos segundos, coas particularidades que despois sinalaranse.

Ademais, pretendeuse analizar, superando o ámbito de estudio dos anteriores efectuados, como se sinalou con anterioridade, a totalidade de sentencias ditadas no caso de homicidios e/ou asasinatos consumados no ámbito da parella ou ex-parella, sempre que se puidese dirixir a acusación contra unha persoa viva, é dicir, excluíndose os supostos nos que a agresión mortal fose seguida do suicidio do autor, o que supón o arquivo da causa en fase de instrución, ou os casos nos que a morte do (presunto) autor se producise antes do ditado de sentencia, suposto no que as actuacións se arquivan igualmente. Por isto, o presente estudio vai referido ás **35 Sentencias** ditadas neste ámbito en 2007 polos Tribunais do Xurado e polas Audiencias Provinciais, abarcando os seguintes extremos:

- Pronunciamento –condenatorio ou absolutorio- das resolucións.
- Composición de homes e mulleres como membros do Tribunal do Xurado, cando este fose o órgano de axuízamento.
- Cualificación dos feitos polo Tribunal.
- Sexo, franxa de idade e nacionalidade da persoa acusada e da vítima.


- Medios empregados na execución destes feitos criminais.
- Mecanismos de morte empregados.
- Data, lugar e hora de comisión dos feitos.
- Condenas impostas, tanto principais como accesorias.
- Principais circunstancias modificativas da responsabilidade criminal apreciadas na sentenza.
- Relación persoal entre as partes e situación de convivencia ou non.
- Existencia ou non de denuncias previas así como de agresións ou ameazas previas.
- Existencia de ordes de protección ou doutras medidas preventivas ou de protección adoptadas previamente.
- Existencia e idades de fillos e fillas e, no seu caso, a súa condición de testemuñas directas dos feitos axuizados.
- Existencia doutras testemuñas directas.
- Medidas preventivas privativas de liberdade acordadas durante a instrución da causa e duración da mesma.
- Comparecencia de acusación particular ou popular.
- Número de sentencias que recollen a existencia de máis dunha vítima ou a condena por outros delitos.
- Determinación da responsabilidade civil derivada do delito.
- Número de sentencias ditadas en 2007 nesta materia por Comunidades Autónomas.
- Posición, no seu caso, do Xurado en materia de indulto e pronunciamento que efectuase a sentenza sobre este extremo.
- Conduta da persoa agresora posterior aos feitos

Efectúase, por outra banda, nas conclusións que se acadan no presente estudio, unha comparación coas que integraron o das resolucións ditadas en 2006. Como se sinalaba no último estudio, dado que cada un deles se centrou na data do ditado das sentencias e non na de execución dos feitos, tal comparación non pode facerse equivalente á evolución dos datos que se ofrecen.


O conxunto de resolucións estudadas permitiu acadar as seguintes **CONCLUSIÓN**S.

1ª.- A totalidade de sentencias estudadas son condenatorias. Isto significa que, en todos os casos con resultado de morte nos que se dirixiu acusación, considerouse probada a realización dos feitos criminais e a participación da/s persoa/s acusada/s nos mesmos.

SENTENCIAS CONDENATORIAS DITADAS POLOS TRIBUNAIS DO XURADO E AUDIENCIAS PROVINCIAIS EN 2007





2ª.- Das 35 estudadas, 27 (un 77%) foron ditadas polos Tribunais do Xurado e 8 (un 23%) polas Audiencias Provinciais.





3ª.- Das 27 sentencias ditadas polos Tribunais do Xurado obxecto de estudo, só 5 –un 19%– recollen o nome dos/as cidadáns/ás que integran o Tribunal do Xurado que pasa a xulgar os feitos sometidos á súa consideración. Das sentencias nas que figura este dato extráese a conclusión, idéntica á dos estudos anteriores, de que **na composición do Tribunal (9 cidadáns/ás) existe unha participación equilibrada de homes e mulleres**: neste caso, 27 varóns, un 60% do total de persoas identificables por sexo, e 18 mulleres, un 40% do mesmo.

REFLEXO EN SENTENCIA DO SEXO DOS XURADOS





PARTICIPACIÓN MULLERES E HOMES NA COMPOSICIÓ DO TRIBUNAL XURADO





4ª.- A meirande parte de sentencias analizadas, 22 delas, equivalente a **un 63%**, cualifica o feito como **asasinato**, o que implica que nestes casos se acreditou que a morte se executou quer con aleivosía (que require o emprego na súa execución de medios, modos ou formas que tendan directamente a asegurar o resultado, sen o risco que para a persoa do autor poida derivar da defensa do ofendido), quer con asañamento (que concorre cando se aumenta inhumana e deliberadamente o sufrimento da vítima, causando a esta unha dor adicional innecesaria para obter o resultado de morte) ou por prezo, recompensa ou promesa, que son os tres supostos

que cualifican a morte como asasinato fronte o tipo básico do homicidio.

Nun **34 %** dos casos -12 sentencias- cualificouse o feito como **homicidio** e nun **3 %** -1 sentencia- como **homicidio imprudente**.

CUALIFICACIÓN PENAL



Isto supón, comparando estes datos cos das sentencias ditadas en 2006 polos Tribunais do Xurado, un descenso de 16 puntos na cualificación dos feitos como asasinato e o correlativo incremento de 16 puntos na cualificación dos feitos como homicidio, manténdose a porcentaxe de homicidios imprudentes. Aproxímanse, por tanto, ás porcentaxes do primeiro estudo de sentencias ditadas polos Tribunais do Xurado, entre os anos 2001- 2005, que revelaron que un 64,06% das sentencias estudadas cualificaran os feitos como asasinato, mentres que un 33,98% delas o fixeran como homicidio.



Aínda que o maior número de supostos cualificados en sentenza como asasinatos revela un incremento de casos nos que os feitos axuizados revelan unha maior gravidade, o anterior non permite acadar conclusións específicas, dado que este estudio, como os anteriores, vai referido a datas de axuizamento, non de execución dos feitos, e, en calquera caso, unha e outra cualificacións refírense a actuacións de extraordinaria gravidade, como son as relativas á causación voluntaria da morte dunha persoa.

5ª.- O autor dos homicidios e/ou asasinatos é maioritariamente varón. Así, **no 77 %** dos casos examinados -27 das 35 sentencias-, é varón o autor, fronte ao **23 %** de supostos -8 sentencias- nos que a autora –soa ou en compañía doutra persoa, normalmente o varón da súa nova parella sentimental- é a **muller**.

Isto supón un descenso en vinte puntos respecto do anterior estudio, da condición de varón do autor e o correlativo incremento de autoras na mesma porcentaxe.

Malia a maior presenza porcentual de mulleres na realización destes feitos –que se produce respecto dunha mostra, en números absolutos, certamente pequena- estes datos seguen apuntando, unha vez máis, a que, **no fundamental, os homicidios e asasinatos executados no ámbito da parella ou ex-parella constitúen actos criminais de violencia de xénero.**

SEXO DO AUTOR





6ª.- En canto á **nacionalidade do autor**, este é **español** na maioría de casos, o que sucede en 23 sentencias, equivalente ao **66 %** de supostos. No resto, un **34 %** de casos - 12 sentencias-, o autor é **estranxeiro**.



As devanditas porcentaxes, a efectos da súa valoración, deben relacionarse coa taxa de poboación española e estranxeira (segundo datos do INE, referidos a 2007, a poboación española ascendía a 45.200.737 habitantes, dos que 4.519.554 eran estranxeiros, un 10%) e coas súas respectivas características demográficas.

Os datos relativos á nacionalidade do autor do presente estudio reflicten un **descenso de catro puntos na porcentaxe de autores españois, co correlativo incremento porcentual de autores estranxeiros**.

NACIONALIDADE DO AUTOR





NACIONALIDADE POBOACIÓN: 2007



7ª.- En canto á **nacionalidade das vítimas**, a mesma consta en 31 das 35 sentencias analizadas, é dicir, nun 89% delas. Das resolucións que recollen este dato, no **65 %** delas son **españolas**, mentres que nun **35 %** de casos son **estranxeiras**.

Obsérvase, con isto, un **descenso de doce puntos na porcentaxe de vítimas españolas, co mesmo incremento porcentual de vítimas estranxeiras**. Cómpre ter en conta, non obstante, que, tal e como se sinalaba en estudos anteriores e noutros apartados do presente, correspondendo este á data do ditado das sentencias, naturalmente esta porcentaxe non é coincidente co da nacionalidade das mulleres asasinadas neste ámbito durante 2007. Por outra banda, trátase dun dato que non recollen a totalidade das resolucións.



NACIONALIDADE DAS VÍTIMAS



8ª.- O abano de **idades** dos autores é amplo pero obsérvase, nas 31 sentencias que recollen este dato, que predomina –tamén sucedía nas sentencias ditadas en 2006- a franxa de **entre os 31 e os 45 anos**, con 11 casos, equivalente a un 35% das sentencias que recollen este extremo. Síguelle moi de cerca a franxa de idade

comprendida entre os 46 e 65 anos, con 10 casos, equivalente a un 32%, e a comprendida entre os 18 a 30 anos, con 7, é dicir, un 23%. En 3 ocasións –un 10%–, o autor supera os 66 anos de idade.



IDADE DOS AUTORES



En canto ás **idades das vítimas**, só 13 das 35 sentencias recollen este extremo, sendo **predominante a franxa que vai dos 18 a os 30 anos**, o que sucede en 7 dos casos que ofrecen esta información, equivalente a un 54% deles. Noutros dous, un 15%, a vítima atopábase en cada unha das franxas comprendidas entre os 31 e os 45 anos, na de 46 a 65 anos e na de 66 ou máis anos.


Isto parece reflectir, coa cautela derivada do reducido número de resolucións que conteñen este dato, un **descenso nas franxas de idade das vítimas mortais**, expresando un **incremento de accións criminais con resultado de morte a idades máis temperás**, aínda que dende a perspectiva da data do axuízamento destes feitos.

IDADE DAS VÍTIMAS



9ª.- En canto aos **mecanismos de morte empregados nos supostos de violencia de xénero**, os procedementos utilizados polos agresores para acabar coa vida das súas parellas ou ex-parellas poden encadrarse, como nos estudos anteriores, dentro de dous grandes categorías, segundo o número de mecanismos empregados: simples, cando só se emprega un, e mixtos, cando se recorre a máis dun mecanismo.


Os homicidios cometidos por un mecanismo simple supoñen o 81,5% e os levados a cabo por mecanismos mixtos o 18,5%. Esta circunstancia supón unha **redución dos homicidios realizados por mecanismo mixto de 8,8 puntos**, aínda que este dato debe ser tomado con carácter orientativo e global respecto aos estudos anteriores, non exclusivamente con carácter evolutivo, xa que as análises fan referencia, como xa se indicou, á data das sentencias, non a períodos de tempo concretos con relación aos feitos xulgados.



10ª.- En canto ás **características dos mecanismos simples empregados nos casos de violencia de xénero**, os máis frecuentes foron a **arma branca** (48,1%, o que supón que baixa 0,4 puntos respecto das sentencias ditadas o ano anterior), **os traumatismos contusos dirixidos fundamentalmente á rexión craneoencefálica** (18,5%, cun aumento de 9,4 puntos), a **estrangulación a man** (7,4%, que sube 1,3 puntos), e a **arma de fogo** (3,7%, que sube igualmente 0,6 puntos).


De novo a arma branca é o instrumento máis empregado, cunha porcentaxe practicamente similar ao estudio anterior. Pola contra, os traumatismos aumentaron máis dun 100%, reflectindo un escenario diferente ao contemplado nas sentencias ditadas o ano anterior. Tamén se reflicte esa nova situación no número de mecanismos empregados para a consumación do homicidio, que de novo se viron reducidos en tipos. No anterior pasaran de 9 a 6 e neste se viron limitados a 5. As frecuencias tamén se modificaron. Na táboa seguinte aparecen en cor verde as que aumentaron respecto ao estudio das sentencias de 2006, mentres que en rosa se recollen os mecanismos que aumentaron en 2006 respecto ao primeiro estudio.

	SENTENCIAS 2001-2005 TX	SENTENCIAS 2006 TX	SENTENCIAS 2007 TX e AP
Arma branca	36.2	48.5	48.1
Arma de fogo	5.4	3.1	3.7
Traumatismos	14.1	9.1	18.5
Estrangulación a lazo	4.7	3.1	-
Estrangulación a man	5.4	6.1	7.4
Atropelo	1.4	3.1	-
Lume	-	-	3.7




MECANISMOS DE MORTE SIMPLES EMPREGADOS

11^a.- En canto á **utilización directa das mans para acabar coa vida das mulleres**, seguen supoñendo unha **porcentaxe significativa dos mecanismos, tanto nos procedementos simples coma nos mixtos**. No caso dos simples, fano no 31,8% dos homicidios, e, no dos mixtos, no 60%; isto supón que en total (simples e mixtos) **empregáronse directamente as mans no 37,1% dos casos de violencia de xénero**.




EMPREGO DE ARMAS OU INSTRUMENTOS NA COMISIÓN DOS HOMICIDIOS POR MECANISMO SIMPLE
(Número total de homicidios levados a cabo por un mecanismo simple: 22)

Esta situación supón un aumento da utilización directa das mans de 6,8 puntos nos mecanismos simples e de 26,7 nos mixtos, datos que reflicten o **aumento global do emprego das mans de 9,8 puntos**.



HOMICIDIOS POR MECANISMO MIXTO E SIMPLE NOS QUE SÓ SE EMPREGARON DIRECTAMENTE AS MANS

12ª.- En canto aos **mecanismos mixtos empregados para acabar coa vida das mulleres**, o estudo dos empregados na comisión dos homicidios mostra que se utilizaron un total de **5 combinacións** de diferentes mecanismos simples, 3 delas nas que se empregan dous mecanismos simples e 2 nas que os agresores utilizaron unha combinación con tres procedementos sinxelos.



NÚMERO DE MECANISMOS MIXTOS EMPREGADOS NA COMISIÓN DOS HOMICIDIOS


(Número total de homicidios levados a cabo por un mecanismo mixto: 5)

Ningún dos mecanismos mixtos empregados se repetiu. Ademais, cada unha das distintas combinacións utilizadas só se empregou nun só caso.

O mecanismo simple máis frecuentemente utilizado como parte das combinacións que dan lugar aos procedementos mixtos foi a agresión por traumatismos (33,3%), seguido da estrangulación e da sufocación (25%).

Esta situación continúa reflectindo o **recurso ao traumatismo dirixido á rexión craneoencefálica como forma de atacar á vítima nun primeiro momento, para despois continuar coa agresión ata acabar coa súa vida por outro procedemento**. Estas circunstancias favorecen a incorporación de procedementos que se axustan ao contexto no que se produce a agresión. Dentro dos

procedementos mixtos aparece un novo mecanismo simple non empregado nos ataques sinxelos, concretamente, neste estudio, a compresión tóraco-abdominal.



PROCEDEMENTOS SIMPLES EMPREGADOS COMO PARTE DOS MECANISMOS DE MORTE MIXTOS

(Aparecen un total de 5 mecanismos simples combinados de diferente forma, un deles non empregado nos homicidios por mecanismo simple)


A análise centrada nos homicidios por arma branca como instrumento máis frecuente, incluíndo tanto os casos por mecanismo simple como os mixtos, aporta un dato de gran interese de cara á valoración das condutas desenvolvidas nestes crimes.

As **armas brancas** empregáronse en 13 agresións simples e en 1 mixta, é dicir, en 14 casos, o que supón un **52% do total**. En canto ao **número de puñaladas** que se deron, segundo o reflectido nos “Feitos Probados” das sentencias, ascende a un total aproximado de **179**. Esta cifra supón que a **media de coiteladas por cada caso en que se empregaron as armas brancas é de 12,8**, circunstancia que **significa que esta media diminuíu 15 puntos respecto ao estudio anterior**. Sen embargo, aprécianse dous tipos de feitos criminais: un grupo deles nos que só se produce 1 puñalada dirixida ao hemitórax esquerdo, xusto na rexión cardíaca, e outro grupo, no que a media de feridas inciso-punzantes é máis elevada.


O resultado deste terceiro estudio en canto aos procedementos homicidas empregados reflicte un resultado diferente, especialmente polo **aumento da utilización directa das mans como parte do procedemento homicida**. Non obstante, esta situación **non significa que se producise unha diminución do grao de violencia, pero si unha modificación no xeito de materializala**. Os datos globais reflicten que **as condutas homicidas aparecen cargadas de ira e violencia por feitos como o importante incremento dos casos por traumatismos (aumento do 103,3%, respecto do estudio de sentencias de 2006), que esixen unha proximidade e un contacto estreito e mantido coa vítima, así como polo incremento da estrangulación a man e do emprego directo das mans para producir a morte, tanto nos mecanismos simples coma nos mixtos**.

Estes datos parecen indicar a existencia dunha **relación inversa entre o mecanismo de morte por arma branca e o emprego directo das mans**, de forma que, cando aumenta o primeiro procedemento, baixa o segundo, ocorrendo o contrario cando se incrementa este último.

13ª.- Respecto do **horario no que se cometen os actos de violencia que acaban coa vida das mulleres**, a análise das horas nas que se producen os homicidios nas sentencias ditadas en 2007 amosa un resultado máis irregular, cunha **concentración de homicidios na franxa nocturna, concretamente de 21.00 a 8.00 horas**. Sen embargo, como se pode observar na segunda gráfica sobre o horario, referida ao conxunto de actos criminais con resultado de morte obxecto do total dos tres estudos realizados ata a data, non modifica de xeito substancial a situación xeral.




HORARIO EN QUE SE PRODUCIRON OS HOMICIDIOS
(27 casos)




HORARIO EN QUE SE PRODUCIRON OS HOMICIDIOS
Sentencias 2001 - 2007
(188 casos con información dispoñible na sentenza)

O incremento no horario nocturno prodúcese acompañado, ademais, do aumento relativo dos casos por procedementos mixtos, que, ao comparar os datos do presente co estudo das sentencias de 2006, pasaron de representar unha media do 8,1% ao 11,2%, aínda que a

franja horaria na que se producen con máis frecuencia os casos en que se acude a procedementos mixtos é de 15.00 a 20.00 horas.




COMPARACIÓN DO HORARIO DOS HOMICIDIOS SIMPLES E MIXTOS
(27 casos)



COMPARACIÓN DO HORARIO DOS HOMICIDIOS SIMPLES E MIXTOS
Sentencias 2001 - 2007
(188 casos con información dispoñible na sentenza)

Ao comparar a evolución dos casos nos anos analizados nos tres estudos co número de homicidios ou asasinatos cometidos, obsérvase como o aumento do número de casos é progresivo ata a franxa horaria da noite, e que concorre cun incremento dos procedementos mixtos, co consecuente descenso dos simples.



**COMPARACIÓN DO HORARIO DOS
HOMICIDIOS SIMPLES E MIXTOS**
(188 casos con información dispoñible na sentenza)


A situación reflectida no estudo de sentencias ditadas en 2007 volve a representar un **nivel elevado de violencia que ve favorecida a súa expresión como parte dun proceso que vai evolucionando e ganando intensidade conforme transcurre o tempo, o que, xunto a outros factores, facilita a súa expresión de forma especialmente violenta a últimas horas do día e por procedementos nos que a ira se traduce en niveis de violencia elevados e manifestados no emprego de mecanismos mixtos e formas de aplicar os instrumentos homicidas con gran intensidade e virulencia.**

O aumento progresivo de información conforme se incrementa o número de sentencias estudado permite albiscar diferentes patróns na forma de cometer os homicidios ou asasinatos contra as mulleres, que haberá que analizar conforme se dispoña de novos datos.

14ª.- As mortes producidas no ámbito da violencia doméstica, pola súa parte, presentan outros perfiles.


Así, respecto dos 8 homicidios e/ou asasinatos por violencia doméstica, en 6 deles a autora material do homicidio foi unha muller e a vítima un home co que compartía ou compartira unha relación sentimental. Nos outros 2 casos os condenados foron un home e unha muller, sendo o primeiro o autor material e a muller actuando como cómplice da morte doutro home co que tiña ou tivera unha relación de parella.

15ª.- En canto aos mecanismos de morte empregados nos casos de violencia doméstica, sete dos oito casos producíronse por un mecanismo simple, o que supón o 87'5% do total fronte ao 12'5% que representa o homicidio levado a cabo mediante un procedemento mixto.



Os mecanismos empregados na produción da morte redúcense a 3. No caso dos homicidios por mecanismo simple só aparecen dous mecanismos, a utilización dunha arma branca en 5 casos (62,5%) e dunha arma de fogo en 2 (25%). Dentro dos mecanismos mixtos só hai un caso no que se empregou a acción combinada dos traumatismos, nesta ocasión dirixidos á rexión cráneo-encefálica, e

unha arma branca para levar a cabo unha degolación; este mecanismo mixto representa o 12'5% do total.




MECANISMOS DE MORTE SIMPLES EMPREGADOS


VIOLENCIA DOMESTICA

A comparación dos casos de violencia doméstica cos de violencia de xénero, sempre tendo en consideración as limitacións do reducido número do primeiro grupo, mostra que, nos homicidios por violencia doméstica, destacan:

- Menos mecanismos.
- Porcentaxe lixeiramente máis alta de homicidios por mecanismo simple (6 puntos).
- Os homicidios por arma branca supoñen 14'4 puntos máis que os levados a cabo polo mesmo mecanismo nos casos de violencia de xénero.
- Os homicidios por arma de fogo aparecen 21'3 puntos por encima deste tipo de homicidios no grupo de violencia de xénero.
- Non hai ningún caso que se producise mediante a utilización das mans de forma directa.



TIPOS DE MECANISMOS EMPREGADOS NA COMISIÓN DOS HOMICIDIOS
VIOLENCIA DOMÉSTICA fronte a VIOLENCIA DE XÉNERO



MECANISMOS DE MORTE SIMPLES EMPREGADOS


VIOLENCIA DOMÉSTICA fronte a VIOLENCIA DE XÉNERO

Esta aproximación indica que, **nos casos de violencia doméstica**, dadas as circunstancias nas que se producen, o homicidio é levado a cabo por **procedementos** que *a priori* fan pensar que son capaces de ocasionar a morte dunha forma directa (recurso a armas) e **que requiren menos forza para conseguilo**. Todo isto acompáñase do que podería considerarse como un **“menor grado de violencia”** na


materialización, que se observa, ademais de no mecanismo empregado, no xeito de executalo, e así, por exemplo, **a media de puñaladas nos casos nos que se utilizan armas brancas (5 simples e o mixto) é de 1'75**, e, **se se limita a análise aos casos nos que a autora material é a muller, só se dá unha puñalada en cada un deles.**

Xunto a estes homicidios aparecen dous cun grao de violencia maior, un deles o levado a cabo mediante arma de fogo, no que se chegan a facer 4 disparos, e o outro o mixto, no que se produce un traumatismo craneoencefálico e posteriormente unha degolación.

16ª.- En canto ao **horario no que se cometen os homicidios no ámbito da violencia doméstica**, a análise das horas nas que se producen os sete casos dos que conteñen indicación horaria dos feitos amosa que **se concentran a primeira hora do día e durante a madrugada.**



A comparación cos casos de violencia de xénero, sempre tendo en conta a limitación da casuística, amosa un perfil diferente, xa que os homicidios por violencia de xénero concentrábanse na parte intermedia do día.





17ª.- En relación coas **penas** impostas no conxunto de sentencias analizadas, **imponse como pena principal en todos os casos de condena a de prisión**, que é a única prevista desta clase para estes feitos no Código Penal.

A extensión da pena privativa de liberdade en caso de homicidio é de dez a quince anos; para o asasinato é de quince a vinte anos de prisión, cando concorra unha soa das circunstancias que o cualifican como tal –aleivosía, asañoamento ou mediando prezo, recompensa ou promesa-, e de vinte a vintecinco anos, cando concorran dous ou máis circunstancias das que permiten cualificar os feitos como asasinato, individualizándose a concreta pena a impoñer en cada caso, en función da apreciación da existencia das circunstancias modificativas da responsabilidade criminal (atenuantes, agravantes, eximentes ou eximentes incompletas) e das restantes circunstancias concurrentes na execución dos feitos.

No caso obxecto de estudo, a **pena privativa de liberdade** imposta nos 22 casos nos que se ditou sentenza condenatoria polo delito de **asasinato**, oscilou entre 25 anos (1 caso) e 6 anos (1 caso). As restantes penas privativas de liberdade foron de 7 anos e 6 meses (2 casos), 10 anos (1 caso), 15 anos (2 casos), 16 anos (2 casos),

16 anos e seis meses (1 caso), 17 anos(1 caso), 17 anos e seis meses (1 caso), 18 anos (4 casos), 18 anos e seis meses (1 caso), 19 anos (1 caso), 20 anos de prisión (3 casos) e 22 anos e seis meses (1 caso).



O total das penas privativas de liberdade impostas nas 22 sentencias que condenan polo delito de asasinato ascende a 361 anos, o que implica unha **media de condena por este delito de case 16 anos e medio de pena de prisión.**



En canto aos 12 casos cualificados en sentenza como **homicidio**, as penas privativas de liberdade oscilaron entre 14 anos de privación de liberdade, nun só caso, ata os 5 anos de privación de liberdade, en dous casos, pasando por 9 anos e 11 meses (1 caso), 10 anos (1 caso), 10 anos e seis meses (1 caso), 11 anos (3 casos), 12 anos e seis meses (2 casos) e 12 anos e sete meses (1 caso).

O total das penas privativas de liberdade impostas nas 12 sentencias que condenan polo delito de homicidio ascende a 125 anos, o que implica unha **media de condena por este delito de máis de 10 anos de pena de prisión.**

CONDENA POR HOMICIDIO: PERÍODO PENA PRIVATIVA DE LIBERDADE



No único caso cualificado en sentenza como homicidio imprudente, a pena imposta foi de tres anos e tres meses de privación de liberdade.

Os anteriores datos revelan que o termo medio de privación de liberdade por estes feitos –en calquera das súas modalidades– fixado nas sentencias ditadas polos Tribunais do Xurado e polas Audiencias Provinciais nestes casos en 2007 é de 14 anos.


No período estudado, ademais, **obsérvase a escasa imposición de penas accesorias**, máis alá da xenérica de inhabilitación absoluta, imposta en 22 das sentencias estudadas, equivalente a un 63% de supostos.



Así, en 9 casos (un 26%) impúxose a prohibición de comunicación con familiares das vítimas mortais ou con terceiras persoas e en 8 casos (un 23%) a de prohibición de aproximación con familiares ou terceiras persoas. En 5 casos (un 14%) impúxose a privación do dereito a residir ou acudir a determinados lugares. En 2 casos (un 6%) impúxose a pena accesoria de privación do dereito á tenencia ou porte de armas.

Ademais, en 15 sentencias (un 43%) impúxose a pena de inhabilitación especial. Delas, 11 (un 73%) refírense ao exercicio do dereito de sufraxio pasivo e 3 (un 20% das que imponen esta pena accesoria e case un 10% do total de sentencias estudadas) ao exercicio da patria potestade. Unha das devanditas sentencias non o refire a ningún suposto.

Ningunha das sentencias estudadas impón a perda da condición de beneficiario da pensión de viuvez, que é unha previsión da *Lei Integral*, a pesar de que 19 das sentencias axuizaron feitos executados ao longo de 2005 e outras 7 se pronunciaron sobre feitos cometidos en 2006.

PENAS ACCESORIAS







18ª.- Ademais da concorrencia, en todos os supostos de condena polo delito de asasinato, das circunstancias agravantes de **aleivosía** e/ou de **asañamento**, e que son as que maioritariamente concorren nos asasinatos entre membros da parella ou ex-parella, continúa resultando significativa a apreciación e valoración dalgunhas **circunstancias modificativas da responsabilidade criminal** que efectúan as sentencias analizadas:

a) A **circunstancia atenuante de confesión**, nacida coa finalidade de outorgar un tratamento máis favorable para aquel que facilite a investigación do delito, de carácter marcadamente obxectivo, na redacción actual, aplícase en todos os casos nos que, nalgún momento ou de forma permanente, o autor recoñeceu a realización dos feitos. Apareceu en 9 das 35 sentencias estudadas, nun suposto deles como atenuante analóxica, o que equivale a un **26 %** das mesmas. Isto significa un **descenso de 10 puntos** sobre a porcentaxe observada no estudo de sentencias ditadas en 2006, que abarcaba só as ditadas polos Tribunais do Xurado. Tamén nesta ocasión operou nas sentencias estudadas como a **principal circunstancia atenuante da responsabilidade criminal apreciada en sentencia**.



CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES APRECIADAS



b) A circunstancia de **alteración psíquica** non se apreciou como **atenuante** en ningún caso nin tampouco como circunstancia eximente, estimándose, como **eximente incompleta** en cinco casos (**un 14%** das sentencias estudadas).



Esta porcentaxe supón un **lixero aumento** dos casos nos que esta circunstancia ten proxección na resolución xudicial, respecto ao estudo anterior, aínda que se mantén a proxección en similar porcentaxe que no primeiro.

ALTERACIÓN PSÍQUICA



c) En canto á circunstancia **atenuante** de ter actuado o autor como consecuencia do **consumo de bebidas alcohólicas ou drogas**, apreciouse nas sentencias ditadas en 2007 en 5 casos (**un 14%**), nun deles como atenuante analóxica de embriaguez, non apreciándose en ningún como circunstancia eximente completa nin incompleta. Mantense con isto a escasa incidencia apreciada desta circunstancia no anterior estudio, que tamén se reflectía só como atenuante, en porcentaxe algo inferior, en concreto nun 9% de sentencias estudadas.


CONSUMO BEBIDAS ALCOHÓLICAS OU DROGAS




Só dúas sentencias das que constituíron obxecto de estudio apreciaron conxuntamente a concorrencia de circunstancias modificativas da responsabilidade criminal vinculadas coa alteración mental e a adición ao alcohol ou ás drogas.

Isto supón que no 23% de casos se apreciou a concorrencia dunha ou outra mentres que no 77% de casos non se apreciou a súa influencia na execución dos feitos.

PORCENTAXE TOTAL DE CIRCUNSTANCIAS APRECIADAS RELATIVAS A ALTERACIÓN MENTAL E CONSUMO DE ALCOHOL OU DROGAS






Os apartados b) e c) anteriores continúan evidenciando que na meirande parte da violencia criminal con resultado de morte, no ámbito da parella ou ex-parella, os feitos executáronse sen vinculación coa dependencia ou influencia do alcohol ou das drogas ou sen vinculación do autor cunha enfermidade ou alteración mental.

d) En canto ás restantes circunstancias atenuantes apreciadas nas sentencias obxecto de análise, en 5 das 35 sentencias apreciouse a de **reparación do dano**, equivalente igualmente a un **14%** (nun caso como moi cualificada) e en 2 (un **6%**) a de **arrebato ou obcecación**. Nunha única sentenza, un **3%**, apréciase como analóxica a de **dilacións indebidas**, nun suposto no que o axuizamento se produciu aos seis anos e oito meses de executarse os feitos.



OUTRAS CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES



f) Respecto ás circunstancias **agravantes**, sen computar as que permiten cualificar os feitos como asasinato, **só se apreciaron**, de entre as previstas no Código Penal, **dúas**.


A de **parentesco** foi aplicada como agravante en todos os casos nos que se valorou a súa concorrencia, previa solicitude do Ministerio Fiscal ou das restantes acusacións. Isto produciuse en 25 das 35 sentencias, o que equivale a un **71% dos casos**, tanto cando existe vínculo matrimonial como cando existe convivencia ou relación afectiva. Isto supón un **incremento** na estimación desta circunstancia agravante de **7 puntos**, respecto do anterior estudo, que, á súa vez, revelaba un incremento de 13 puntos respecto do primeiro efectuado, referido ás sentencias ditadas entre 2001 e 2005 polos Tribunais do Xurado.

CIRCUNSTANCIA AGRAVANTE- PARENTESCO



A segunda apreciada é a de **abuso de superioridade**, o que se produciu, concretamente, en 3 sentencias (**un 8%**). En dúas delas esta agravante concurría coa de parentesco.



CIRCUNSTANCIAS AGRAVANTES



19ª.- Mantense unha porcentaxe de casos bastante semellante á apreciada nas sentencias ditadas en 2006 respecto á pervivencia de situacións de convivencia (tanto matrimonial como de parella de feito) nos casos de homicidio e asasinato examinados. En concreto, **a relación de convivencia mantíñase nun 60% dos casos** (21 sentencias), é dicir, un 18% máis que no anterior estudo, fronte a **un 40% de supostos** (14 sentencias) nos que **non existía a convivencia ou esta rematara**. Mantense, por tanto, unha elevada porcentaxe de supostos nos que os feitos criminais se producen unha vez materializada a ruptura sentimental.

Estes datos continúan confirmando a apreciación de que a advertencia ou comunicación do desexo de separarse por parte da muller ou a propia materialización da ruptura constitúen un específico factor de risco, en canto detonante da reacción brutal do agresor. Seguen revelando, por tanto, que, máis que os conflitos puntuais xurdidos da relación de convivencia, é o propio modelo de relación establecido, asimétrico nas relacións de poder, o que produce estes resultados criminais.



SITUACIÓN DE CONVIVENCIA



Continúan reclamando, por tanto, a necesidade de traballar na sensibilización social sobre modelos de relación igualitarios entre varóns e mulleres e na de dotar ás mulleres de específicas habilidades para detectar comportamentos contrarios a aqueles que lles permitan anticiparse á acción criminal, despregando a efectividade das medidas de protección e sanción establecidas.

20^a.- Nun 40% de supostos -14 casos- existía **vínculo matrimonial**, en porcentaxe idéntica aos casos nos que a relación afectiva era de **convivencia de feito**. Nun 17% (6 casos) a relación era de **noivado**, mentres que nun 3% (1 caso) o **noivado rematará**. Isto supón un **incremento de 10 puntos dos supostos nos que existía matrimonio** no anterior estudo, co correlativo descenso de 10 puntos dos casos nos que o homicidio ou a asasinato se produciu no ámbito doutro tipo de relación.

VINCULO





21ª.- En canto á existencia de denuncias previas aos feitos, estas constan en 9 das 35 sentencias analizadas, o que equivale a un 26% delas. O mesmo número de sentencias refiren a existencia de agresións ou ameazas previas. Só 3 sentencias (un 9%, porcentaxe semellante ao do último estudio) recollen que se adoptasen medidas preventivas previas. Destas, polo menos nun caso foron desatendidas por ambos os dous membros da parella.


Aínda que se reflicte un incremento de 14 puntos en canto á existencia de denuncias previas -e de 8 puntos en canto aos casos nos que a sentencia recolle a existencia de agresións ou ameazas previas-, comparado co estudio anterior, a análise das sentencias ditadas en 2007 **continúa avalando as conclusións dos estudos anteriores respecto a que as mulleres non percibiron con anterioridade, na meirande parte de casos con resultado de morte, a intensidade do risco ao que estaban sometidas ou que, percibíndoo, non o denunciaron, a pesar de resultar evidente que a morte nunca é a primeira manifestación de violencia no seo dunha relación supostamente afectiva. Revela, igualmente,**


a necesidade de implementar a totalidade de medidas previstas legalmente para avaliar a situación de risco das vítimas de violencia de xénero, moi especialmente a través dos correspondentes informes periciais.

DENUNCIAS PREVIAS AOS FEITOS





AGRESIÓNS OU AMEAZAS PREVIAS ACREDITADAS EN SENTENCIA







PREVIA ADOPCIÓN DE MEDIDAS E PENA





22ª.- Nun 66% de casos -23 sentencias-, a vítima tiña fillos ou fillas.

Nun caso (3%), ademais, **os fillos ou fillas atopábanse presentes** no momento do acometida mortal.

EXISTENCIA FILLOS/AS





FILLOS/AS TESTEMUÑAS DIRECTAS DOS FEITOS



23ª.- En **3 casos** dos 35 examinados, nun 9%, **houbo testemuñas directas dos feitos.** En **1 deles** foron os descendentes –fillos ou fillas- da vítima. En ningún o foron os ascendentes da mesma. Noutros **2 deles** houbo **testemuñas directas, distintas das anteriores:** nun caso, unha persoa convidada a cear e, noutro, un compañeiro de traballo. Isto continúa reforzando a tese de que, na meirande parte das ocasións, a violencia contra as mulleres – tanto nas súas fases iniciais como na manifestación máis brutal- exercece no ámbito da intimidade, así como a idea de que o autor destes crimes busca situacións que exclúan a posibilidade de axuda á vítima por parte de terceiras persoas.



TESTEMUÑAS DIRECTAS DOS FEITOS



24ª.- O domicilio común, o da vítima ou o do autor continúan configurando o **principal escenario da agresión** que remata no homicidio ou asasinato daquela. Isto acontece nun **69%** de casos -24 sentencias-, fronte a un **31 %** de supostos -11 sentencias- nas que os feitos se desenvolven **fóra do mesmo.**

Especificamente, o **domicilio común** constitúe o lugar da mortal agresión en 18 casos, un 51% de supostos, o que supón un 4% menos que no estudo de sentencias ditadas en 2006. Pola súa banda, tanto o domicilio da vítima como o domicilio do agresor, con 3 casos cada un, configúranos, respectivamente, nun 9% de supostos.

LUGAR DOS FEITOS



O descenso en 10 puntos nas sentencias ditadas en 2007 respecto de que o lugar de execución dos feitos non corresponda a un domicilio –conxunto, do agresor ou da vítima- non implica que o autor non procure a impiedade na realización da acción criminal.

Así, dos 11 supostos restantes, en tres deles os feitos realízanse nun parque público; noutros tres, nun descampado: nun caso, no monte, fóra da pista forestal, nun segundo caso, nun lugar próximo á vía do ferrocarril, aínda que en provincia diferente á do domicilio de todos



eles, e, nun terceiro caso, no interior dun vehículo, nun camiño de campo. En dous supostos, os feitos realízanse no cuarto dun hotel. Os restantes supostos reflicten, como escenario do crime, un barco, nun caso; noutro, un xardín e, no último, nun garaxe do edificio onde vivía a vítima.

25ª.- Na totalidade de casos nos que a sentenza reflicte a decisión xudicial sobre a situación persoal do presunto autor, tralos feitos, **acordouse a prisión provisional deste**. Isto acontece en 31 das 35 sentencias, equivalente a un 89% das que constitúen obxecto deste estudo.

En 26 delas, despréndese a duración desta medida provisional. A **Súa duración media é de case dous anos**.



A concreta duración da prisión provisional nas 26 sentencias que a recollen reflíctese no gráfico seguinte:

NÚMERO DE SENTENCIAS NAS QUE SE RECOLLE A DURACIÓN DA PRISIÓN PROVISIONAL



26ª.- Do total de casos que chegaron a xuízo oral ante un Tribunal do Xurado ou ante a Audiencia Provincial, no período de tempo ao que se contrae este estudio, **en 24 de eles** –é dicir, nun 69% de supostos- **compareceu a acusación particular**, que, procesualmente, corresponde aos/as prexudicados/as polo delito, o que supón **16 puntos menos que no último estudio**.

Concorrendo ou non coa acusación particular, **en 23 casos exerceuse a acusación popular**, a través, basicamente, de institucións como a Delegación Especial do Goberno, a Comunidade Autónoma ou o Avogado do Estado, sen maior especificación. Apréciase, con isto, unha **maior presenza** da acusación popular, que parece corresponder á decisión dos poderes públicos de comparecer na persecución destes actos criminais.



27ª.- Non se observa no presente estudio ningún caso no que se produciuse máis dunha vítima mortal na execución dos feitos.

28ª.- A maioría de sentencias -24 das 35 examinadas-condenan por unha soa infracción, homicidio ou asasinato. Nas once restantes, a condena é tamén por outros delitos.

Nunha, a condena prodúcese, ademais, por outros catro delitos: de tenencia ilícita de armas, de violencia habitual e dous de malos tratos.

Noutra sentencia, a condena é por outros tres delitos: de malos tratos habituais, de ameazas e de quebrantamento de medida provisional.

En tres sentencias, a condena prodúcese por outras dúas infraccións: nunha, polos delitos de quebrantamento de condena e de malos tratos habituais; noutra, por un delito continuado de roubo con forza e por unha falta de furto, e, na terceira, polos delitos de malos tratos e de maltrato habitual.

Finalmente, en seis sentencias, a condena é tamén por outro delito, en todos os casos diferentes entre si: de malos tratos, de quebrantamento de medida provisional, de tenencia ilícita de armas, de lesións, de agresión sexual e de obstrución á Xustiza.

Apréciase, ademais, unha **tendencia a atraer á competencia dos Tribunais do Xurado o coñecemento dos delitos de homicidio e de asasinato consumados cando concorren con delitos conexos**, a diferenza da anterior, que a residenciaba nestes casos, no fundamental, nas Audiencias Provinciais.

29ª.- A maioría das sentencias realizan pronunciamento en materia de responsabilidade civil, en concreto fano **34 das 35 sentencias** obxecto de estudo, un 97% do total.

Como se sabe, a súa determinación esixe previa petición de parte así como acreditación da condición de prexudicado/a polo delito, como presuposto da súa estimación. Precisamente, unha das sentencias referidas que tratan este extremo pronúnciase nesta materia, pero para excluír a indemnización solicitada polo Ministerio Fiscal, en contía de 2.000 euros para cada un dos dous irmáns da falecida: a argumentación que a sentencia ofrece para a devandita desestimación é que ningún deles compareceu nas actuacións, nin se practicou proba nin se coñecía a relación que unía á vítima mortal con estes.

O importe da indemnización fixada a favor de cada prexudicado/a en cada unha das 33 sentencias que a recoñecen non é, obviamente, homoxéneo, existindo oscilacións en función de, entre outras variables, o grao de parentesco ou as concretas circunstancias da/s persoa/s prexudicada/s (convivencia ou non coa persoa asasinada, minoría de idade dos/as prexudicados/as, dobre vínculo ou non dos/as fillos/as, relación de afectividade existente ...).

Así, respecto dos fillos e fillas da vítima, o importe a favor de cada fillo ou filla oscila dende os 300.000 euros, nun só caso, a 17.000 euros, noutro.

Outras cantidades fixadas en sentenza a favor de cada un/a dos fillos e/ou fillas son: 240.000 euros, 225.000 euros, 212.832,69 euros, 200.000 euros, 180.000 euros, 175.000 euros, 150.000 euros, 141.700,71 euros, 120.000 euros, 95.088,53 euros, 95.000 euros, 80.000 euros, 79.000 euros, 50.000 euros, 42.000 euros, 49.000 euros, 44.281,48 euros, 40.000 euros, 30.000 euros, 20.000 euros e 17.712,58 euros.

O total de indemnizacións fixadas a favor dos fillos ou fillas ascende a 5.077.686,40 euros, máis o importe que, no caso dunha resolución, se determine en execución de sentenza.

En canto ao importe da responsabilidade civil fixada a favor dos/as proxenitores/as da vítima, os pronunciamentos igualmente oscilan, tendo en conta a concreta vinculación persoal, afectiva ou de dependencia de cada un deles con aquela.

Así, respecto da fixada a favor das nais, cando é a única proxenitora á que se refire a sentenza, as cantidades oscilan entre 180.000 euros e 8.856,29 euros, pasando por 120.202 euros, 100.000 euros, 20.000 euros, 10.000 euros e 9.661,20 euros.

A única sentenza que se refire en solitario ao pai fixa a indemnización ao seu favor en 85.000 euros.

Cando, nos restantes supostos, a indemnización se fixa a favor de ambos os dous proxenitores, as sumas para os dous oscilan entre 400.000 euros e 16.200 euros, pasando por 200.000 euros, 180.000 euros, 120.000 euros e 50.000 euros.

O total das indemnizacións fixadas a favor dos proxenitores/as ascende a 1.499.919,40 euros.

Polo que fai referencia aos irmáns e irmás, as indemnizacións fixadas oscilan entre 60.000 euros e 10.000 euros por irmán ou irmá, pasando polas de 50.000 euros, 42.000 euros e 40.000 euros por persoa.

O total das indemnizacións fixadas a favor de irmáns e/ou irmás ascende a 252.000 euros.

Tres sentencias determinan o importe da responsabilidade civil a favor dos herdeiros legais, sen determinar número nin persoas concretas, e en contías de 180.000 euros, nun caso, de 120.000 noutro e de 60.000 euros, no terceiro caso.

O total das indemnizacións fixadas a favor dos herdeiros legais ascende a 360.000 euros.

Hai, por último, un grupo de sentencias, tres en concreto, que empregan outra fórmula para determinar aos/as beneficiarios/as da indemnización. Unha refírese a favor de “familiares da vítima”, en contía de 200.000 euros. A segunda refírea a favor de unha “persoa cuxo parentesco non consta”, en contía de 8.856,30 euros. A terceira faino a favor do Estado, en contía de 49.826,40 euros.

O total das indemnizacións fixadas neste grupo de sentencias ascende a 258.682,70 euros.



O importe total da responsabilidade civil fixado nas 33 sentencias que a establecen -das 35 obxecto de estudio- ascende a 7.448.288,50 euros, máis o que resulte determinado en execución de sentencia nun caso, segundo pronunciamento dunha delas.

Sen ter en conta este último extremo, o anterior revela unha media de indemnización de 212.808,24 euros por sentencia, é dicir, 61.286,89 euros máis que as sentencias ditadas polos Tribunais do Xurado en 2006.

30ª.- Só en 1 caso -3%- das sentencias analizadas, que na súa totalidade foron de condena, **o órgano xurisdiccional –en concreto o Tribunal do Xurado- pronunciouse a favor dun indulto parcial** da persoa condenada. Isto tivo lugar nun caso de condena a unha muller, en atención á idade da acusada - 64 anos- e a que, cumprindo parte da pena, “demostre a súa reinserción social”.



Isto indica que, en practicamente a totalidade de supostos, os Tribunais do Xurado e as Audiencias Provinciais consideraron proporcionadas e axustadas as penas que impuñan.

PRONUNCIAMENTO SOBRE INDULTO



31ª.- En canto ás Comunidades Autónomas cuxos Tribunais do Xurado ou Audiencias Provinciais axuizaron maior número de asuntos, destacan Andalucía e Cataluña, con 8 sentencias cada unha delas, seguidas por Castilla-León, Madrid e Comunidade Valenciana, con 3 sentencias cada unha. Baleares, Canarias e Castilla-La Mancha ditaron neste período de tempo 2 sentencias cada unha delas e, finalmente, Aragón, Asturias, Galicia e País Vasco ditaron unha sentenza, respectivamente.



COMUNIDADES AUTÓNOMAS



32ª.- En canto á **data dos feitos** que se axuizaron ao longo de 2007, **a meirande parte dos casos analizados sucederon no ano 2005, 19** deles, o que resulta coherente coa duración media da medida provisional de prisión provisional examinada con anterioridade. A franxa anual que, despois da anterior, ofrece o maior número de casos axuizados nese período constitúea 2006, con 7

casos, seguida de 2004, con 6 casos. Dúas sentencias refírense a feitos executados en 2.003 e unha, na que se apreciou a circunstancia atenuante analóxica de dilacións indebidas, en 2000.

DATA DOS FEITOS AXUIZADOS EN 2007



33^a.- En canto á conduta do acusado tralos feitos, a meirande parte das 30 sentencias que a refiren reflicte a **fuxida do autor ou a negación dos feitos por este**. Isto acontece **en 20 delas, case un 67%** das que recollen este extremo. En dúas destas, tras unha primeira reacción de fuxida ou de negativa dos feitos, o autor con posterioridade recoñeceu os feitos.

A entrega voluntaria do autor, explicada tradicionalmente como elemento reivindicativo e de reforzo da posición de dominio do autor, produciuse **en 8 dos casos, case un 27%**, o que supón unha diminución porcentual de 12 puntos respecto do último estudo.

Só en dous casos –case un 7%, dous puntos menos que no último estudio- reflíctese na sentenza ditada un intento de suicidio.

CONDUTA DO ACUSADO TRALOS FEITOS

